

IRIMIA



Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVI • Nº 977 • Do 13 ao 26 de novembro de 2017



Xosé Manuel Carballo, da mellor cerna do país

A foto que fala

O drama dun pobo olvidado. Case un millón de rohingyas viven en condicións deplorables nos campos de refuxiados do sur de Bangladés. (Foto: Paula Bronstein)



O trasno A des-política

Daniel López Muñoz



Un dos posibles efectos da resaca catalá nas nacionalidades periféricas podería ser o da “maldición das políticas propias e loanza da des-política”. É dicir, concretando, que cando o tsunami do “yosoyespañol” -por triplicado- se escarranche pola península toda, usar as institucións autonómicas galegas para construír políticas cos pés na Terra, plans feitos desde aquí para executarse, adaptados ao país para darlle un futuro de seu, vai estar baixo sospeita de secesionismo e baixo a lupa do imperio da lei e do Imperio sen máis.

Pero perdede coidado. Estamos preparadas, estamos listas! Sen irmos máis lonxe, escoitamos esoutro día na radio á conselleira de Medio Ambiente da Xunta o que podería ser a formulación máis enxebre e sintética da des-política, esa que agora se vai poñer de moda nas pasarelas gobernativas peninsulares, pero que aquí xa se leva con garbo e donaire desde hai varias lexislaturas. Preguntada pola preocupante e prolongada seca, coa ameaza do cambio climático, coas concas no 40% da súa capacidade, respondeu a locuaz conselleira: “se non chovera en cen días sería preocupante, pero de aquí a 90 días, tendo en conta que é decembro, xaneiro, febreiro, malo será que non chova”.

Velaí o detalle: “malo será que non chova”. Captades a idea? Esa é a esencia da inacción sagaz, da enerxía cero, da des-política autóctona. Déixate estar, malo será, non nos desgastemos.

Porque, a ver, o que ten que pasar, pasará e o que non, non; e se pasa, que pase, porque malo será, que aquí estamos tres días e non se hai que complicar, que quen se complica desafina e o mérito é que se nos note o xustiño, non dar sombra, e que dure, que dure ben. “Stultus puerque vera dicunt”, “un bo conselleiro é o que di a verdade”, seica di o adaxio latino.

A cousa está, logo, en ila virando. Deixar, como no tema dos montes, que a realidade avance pola súa conta. Que se desvíe do plan forestal? Malo será. Que non hai inspección que controle os desvíos? Menos votos que se perden polo cabreo das sancións. Ademais un plan, mmm! ... un plan, dis?... Non é ese ladrillo que serve para saír na prensa unha semana e que se encarga a unha consultora de confianza que o copia doutro plan feito en Estremadura onde o fixo outra consultora de confianza que o copiou doutro plan de Euskadi?

Plan, plan... Puafff! Melindradas! O que ten que ser será e malo será que non sexa o que ten que ser! Ese é o plan.

Editorial Francisco apunta ao concreto

Unha vez máis sorprende o papa Francisco con propostas de actuación que fan concretos os principios abstractos. Para que non haxa desculpas. Moitas desas propostas xa non adoitan ser noticia nos medios, pero deberían.

No asunto da acollida aos refuxiados acaba de propoñer á flamante “Federación Internacional de Universidades Católicas” que adopten programas para promover a educación dos refuxiados, a varios niveis, tanto con cursos a distancia para quen vive en campamentos e centros de acollida, como con bolsas de estudo, que permitan a súa re-colocación.

Inserir persoas refuxiadas na nosa universidade é unha proposta eficaz para romper estereotipos

A idea de Francisco inscríbese nunha estratexia para “superar os prexuízos e temores,” salientando a importancia de “reflexionar sobre as reaccións negativas de principio, ás veces tamén discriminatorias e xenófobas, que a acollida dos migrantes está suscitando en países de antiga tradición cristiá, para propoñer itinerarios de formación das consciencias”

Ese temor ao estraño, por ideas preconcebidas ou por descoñecemento, tan alimentado por organización e medios sensacionalistas ou directamente neofascistas é un dos desafíos do momento para as organizacións solidarias e para quen partille un ideal de rescate das vítimas do planeta. Inserir as persoas refuxiadas en actividades educativas a nivel universitario é unha proposta eficaz e concreta de romper barreiras e estereotipos, posibilitar intercambios de calidade, matar prexuízos, valorarse reciprocamente e sentar as bases para a construción dun “nosoutros” compartido.

Esa proposta debía ser tamén algo a considerar seriamente pola universidade pública e concretamente polo Sistema Universitario Galego. Dispoñemos dun sistema con recursos ociosos por falta notoria de alumnado en instalacións de calidade e titulacións de nivel contrastado. Un bo exemplo é o campus de Lugo en moitos dos seus graos, que de feito xa se foi abrindo á docencia colaborativa con estudantado latinoamericano.

A incorporación de estudantes seleccionados de entre os refuxiados, con flexibilidade e adaptación curricular, é unha posibilidade merecente de converterse en plan. Pero evidentemente é unha medida máis entre as posibles para facer de Galicia, este recanto europeo en declive demográfico, unha terra de oportunidade e acollida para xente moza que escapa de tantos infernos que a des-humanidade crea.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Coñecín a Xosé Manuel Carballo coma moitos de nós; enriba dun escenario e facendo enredos de maxia. Coido que non era un gran mago. Non entendo moito do tema pero non se lle podería asegurar un grande futuro. De todas maneiras tiña algo que si que precisan todos os que se dedican a iso da maxia. Era un grande falador. Falaba ben, de xeito áxil, engaiolante. Quedabas pampo coa súa locuacidade. Lembro frases del coma que el non era coxo senón que estaba coxo. Con isto respondía a unha señora que dicía aquilo de que non había coxo bo.

Pero o que lembro con maior agarimo foi a súa explicación sobre a diferen-

za entre un mago e un ilusionista. Realmente, el era un ilusionista porque enchía de ilusión a xente que o escoitaba. Sempre arrincaba un sorriso nos beizos de quen o escoitabamos. E lembro velo en varios escenarios diferentes. Lémbroo nunha romaxe (na de venturosos os pés en Outeiro de Rei). Tamén o lembro nun claustro de profesores en Vilagarcía e en varias asembleas de catequistas.

De seguro que moita xente o botará de menos. É un deses que deixan un baleiro grande cando marchan. Unos dos que crean esperanza mediante a ilusión. Un imprescindible silandeiro.



1



3

2017

ROTEIROS
de outono

8, 9 e 10 de dezembro
Mosteiros de Portugal
e Centro de Interpretación da Batalha de Aljubarrota

roxinroxal.bloggaliza.org
roxinroxal@yahoo.com

Fai-te sócio!

Vem celebrar connosco a ponte de dezembro ao **CIBA de Aljubarrota**, ao extraordinário Convento de Cristo de Tomar e aos mosteiros de **Batalha, Tibães e Alcobaca**, local onde repousa a galega **Inês de Castro**, rainha póstuma de Portugal.


Sexta-feira 8 de dezembro: saída de Betanços (zona piscina / pavilhão) às 8:00 hrs. Visitas guiadas ao CIBA de Aljubarrota e ao Mosteiro da Batalha. Alojamento em Leiria, em hotel ***. Sábado 9: Visitas guiadas do Convento de Cristo em Tomar e ao Mosteiro de Alcobaca. Domingo 10: Visita ao Mosteiro de Tibães, em Braga. Preço: 160 € sóci@s, 190 não sóci@s, nen@s 85, em quarto duplo. O preço inclui visitas, alojamento e pequeno almoço (2 noites), cela dos dias 8 e 9 e jantar do dia 9, previo à visita do mosteiro de Tibães. Chegada a Betanços por volta das 21:00 hrs. do domingo. As visitas guiadas serão em português.

roxal

Deputación DA CORUÑA

facebook
Asociación Roxin Roxal

2



4

35
outono fotográfico
2017

OF

A peneira

1

A mestra Gloria Fernández e Daniel do IES Fontem Albei mostran os símbolos e marcas que gravaban nos castiñeiros na Fonsagrada para respectar a propiedade das árbores nun tempo no que as **CASTANAS** eran fundamentais para alimentar persoas e gando. Alumnas/ os colaboran neste arquivo.

2

O 25, o Museo da Limia en Vilar de Santos reconece o historiador e etnógrafo **ELIXIO RIVAS**, paúl. Dedicouse á investigación da historia e cultura das comarcas onde ensinou: Marín, Os Milagres de Baños de Molgas e recantos ligados á súa traxectoria: Camiño Sur de Santiago, influencias precristiás na arte...

3

Os **ROTEIROS** da Asociación Roxín Roxal convidannos a seguir coñecendo o sur de Portugal (do 8-10 de decembro) e porén retrincos da nosa historia ligados a eses mosteiros. Para máis información: roxinroxal@yahoo.com

4

O **OUTONO FOTOGRAFICO**, o segundo máis antigo do mundo, está a agasallarnos con 85 exposicións (trinta e catro en Ourense) co título de "Descrenza" en Galiza e no norte de Portugal. Unha das pontes máis creativa a ambas beiras da raia.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A colleita de **MAZÁS** en Chantada, catro millóns de kg., case non dá para os gastos de transporte, aínda que o 75% queda na veciña sidrería que ten alí a marca "Estrella de Galicia", e o restante coma é costume vai para empresas asturianas.

6

Cómpre loitar contra o feísmo sen esquecerse do **AMIANTO**, a uralita, que envelena co fibrocemento a saúde. Ata agora non se legislou debidamente sobre os residuos deste mineral, porque soterralos en plantas de lixo como está a facerse, é derivar o problema ás futuras xeracións.

7

No mes de **SANTOS** laiámonos de que os nosos mortos sexan soterrados nunha lingua que non partillaron na vida. Só o 2% das esquelas nos medios son en galego e algo semellante acontece coas lápidas. Por iso é de loar a veciñanza de San Facundo de Ribas de Miño, que gravaron as do cemiterio novo en galego.

8

O 18 celebramos a xenerosidade de **MERO** e **MINI** nas veas do pobo, as de sangue: a amizade do Paseo dos Soños e a da auga, a música do seu colega o Rañego de Vilalba. Alí presentaremos a obra: *Mini e Mero: labrado para sementar*, de Xulio Xiz e ergueremos este monumento de Valdi (para xantar: 646413890)

Política

Todo foi un así coma quen

Carlos Vázquez G.



A Dui ou a Republica de Cataluña nunca foron proclamadas. Non o foron cando Puigdemon levou ao Parlament o resultado do referendo e suspendeu a súa aplicación. Tampouco se declarou a independencia cando o Parlament aprobou unha proposta de resolución que unicamente instaba ao president da Generalitat a proclamar a Republica de Cataluña, cousa que este nunca fixo. Nunca se proclamou ou configurou institución republicana ningunha; nin sequera a presidencia da República, que sería un paso inmediato, natural, se o president da Generalitat cumprise o mandato do Parlament. Por iso Puigdemón non interviu na sesión do Parlament que o instaba a proclamar a independencia e a república. Por iso ninguén arriou a bandeira española do pazo da Generalitat. Por iso Puigdemon nunca saíu ao balcón para proclamar *coram populo* a independencia, como presidente da nova república. Por iso nin o president nin os consellers foron, ao día seguinte, aos despachos, asumindo así, *de facto*, a intervención estatal da Generalitat e abandonando tranquilamente, incluso o exercicio do poder autonómico. Só houbo unha morna celebración festiva, unha representación dun paso máis no procés que nunca se culminou. Todo foi un así coma quen. Por iso o desconcerto, a división e o silencio frustrado dos secesionistas. Probablemente assistiremos á utilización destes argumentos cando o president da Generalitat e os seus consellers teñan que se defender ante os tribunais da desafortada acusación de rebelión por parte do fiscal xeral, por certo, máis do Goberno ca do Estado.

Este así coma quen, esta ficción foi inmediata e conscientemente “comprada” e asumida polo goberno do PP e os seus apoios (Ciudadanos e PSOE) para avalar e xustificar a aplicación do artigo 155 da Constitución que, por non estar desenvolvido, é unha carta branca ou patente de curso para o intervencionismo estatal. Esta aplicación fíxose con puño de ferro en guante de seda: intervención radical da autonomía catalá, pero convocatoria inmediata de eleccións autonómicas. Esta operación, se ten éxito, derrotará e humillará o independentismo catalán, ameazará e embridarás aspiracións nacionalistas periféricas, estimulará o nacionalismo español e manterá a ficción da eficacia do Título VIII da Constitución, pero tamén rescatará o bipartidismo do seu esmorecer e aprazará *sine die* unha reforma seria e pertinente da Constitución do 78, por moi necesaria que sexa . Seguimos, pois, no así coma quen.



O pasado luns, 30 de novembro, puideron asistir na parroquia de Goberno, Castro de Rei, ao enterramento do Xosé Manuel Carballo Ferreiro. Supoñemos que os lectores e lectoras de *IRIMIA* son xente coñecedora deste home, deste cura de aldea, que desenvolveu unha chea de habilidades a favor do pobo, todo ao redor da súa condición crente e de coidador de crentes, que esa foi a matriz da que xurdiu todo o seu amplo quefacer.

Xosé Manuel Carballo optou polo rural, pola aldea, a pouco de se facer crego e na aldea estivo ata o momento da súa morte. Amou a terra, a Terra Chá, a Terra, con ollos próximos, que o facían atender mil e unha demandas de persoas concretas, e con ollos globais, que o animaban cada día a facer país, a mirar polo noso, a nosa cultura, a nosa historia, a nosa fala, o noso porvir, a nosa xente; sen pecharse nunca a calquera horizonte máis aló do Cebreiro ou das costas do Atlántico.

Amou a terra liderando moitas iniciativas, pero nunca atando coas cordas da súa fortaleza as debilidades alleas; ao revés, provocando sempre as insospeitadas capacidades de cada quen, de xeito que en calquera home ou muller de aldea aparecía un actor ou actriz teatral; en calquera grupos de nenos e nenas, un conxunto musical e de baile; dun rapaz calquera, chamado Antón, abraiado pola súa maxia, xurdise un mago Antón; dunha rapaza de aldea saíse unha excelente catequista, etc, etc.

O seu foi, a partir dun corpo fraco —“O Seco”, seica lle chamaban xa no seminario— e dun espírito misteriosamente robusto, provocar ondadadas comunitarias, onde todo o mundo se vía recoñecido e potenciado no seu valor, onde os resultados case sempre se medían por ferrados, e onde os éxitos eran compartidos coma quen comparte unha rica empanada en xornada festeira, entre



risas e alentos. Moitos, moitas foron as que entraron con pracer nesta roda comunitaria, que fiña o seu epicentro en Goberno, de Castro de Rei, na Terra Chá Luguesa, pero que abranguía toda Galicia e aínda a desbordaba.

Home de feitos contables. Home de palabra, amigo de parolar. Falaba moito, polos cóbados, mentres a gorxa llo permitiu, e cando non, por un tubo, valéndose da ciencia. Home da palabra e do humor. O humor era a súa noiva preferida. Dous días antes de morrer, levado ao HULA, compartía a nova cos seus amigos dicindo que ía pasar uns días na compañía dunha señorita moi estilizada chamada Anemia, pero que el as prefería gordiñas e risoñas. Enredouse tanto que espertou no ceo. Con humor. Con maxia. Deixando un testemuño de que todo é posible nun mundo rural atoutiñante e nunha Igrexa rural desvanecida. Un gran crente e mestre de crentes. Un grande ilusionista, un mestre de esperanzas.

Descansa en paz. Como non!

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



Entrevista 40 aniversario do Museo do Pobo Galego



O Museo do Pobo Galego máis vivo ca nunca despois de corenta anos. Xusto os que acaba de cumprir. Non é un almacén de recordos colectivos. Non é unha exposición etnográfica sobre unha cultura morta. É unha mostra vital de que o noso pasado ten presente e ten futuro, de que a cultura e o patrimonio que nos constitúe como pobo diferenciado son un valor precioso que só a cegueira do autoodio -cada vez máis superado- queremos crer- foi quen de menosprezar. Conversamos con Justo Beramendi, María Xosé Fernández Cerviño, Lino Lema Bouzas e Concha Losada, membros do seu padroado.

Despois de 40 anos de vida, a idea fundacional iría cambiando e renovándose, que queda e que se foi incorporando ao modelo inicial?

Justo Beramendi.- En realidade, a idea fundacional básica non cambiou. Simplemente foi desenvolvéndose e modulándose en función dos recursos económicos e humanos dispoñibles. Tratábase de preservar e defender os elementos constitutivos da identidade galega, inspirándose no referente do extinto Seminario de Estudos Galegos, mais tamén de contribuír á pescuda e ao debate arredor dos inevitables cambios (culturais, económicos, sociais, etc.) que inciden na personalidade colectiva de Galicia

Un museo, miles de historias: como se fai posible o MPG

A permanente insuficiencia de recursos fixo que nestes corenta anos non fose posible realizar totalmente o ambicioso programa inicial. Está feito todo o relativo á sociedade tradicional galega, basicamente rural e mariñeira. Falta a Galicia urbana e a evolución histórica, aspectos para os que temos feito dende hai anos un anteproxecto museístico que esperamos poida levarse a cabo nun futuro próximo.

A existencia do propio museo é toda unha declaración. Que valor ten ser parte dunha cultura europea cunha personalidade marcada, diferenciábel “característica”?

O Museo foi sempre algo máis ca unha colección inerte de obxectos

e dos problemas principais da sociedade galega. Por iso dende un principio o Museo foi sempre algo máis ca unha colección inerte de obxectos e programou un conxunto de actividades con vontade de proxección alén dos seus muros. E todo isto procurando ademais o maior enraizamento social posible. De aquí a existencia dun amplo colectivo de socios e socia que, dende a súa autonomía, participan activamente na vida do Museo e no goberno do seu Padroado.

Justo Beramendi.- “Ser diferente é ser eisistente”, dicía Vicente Risco. Engadía que todos os pobos-nación non só teñen o dereito á existencia, á súa singularidade, senón tamén o deber de preservala para evitar que a súa desaparición empobrecese o que hoxe chamariamos a biodiversidade da Humanidade. Xa que logo, ese é o valor fundamental e esa é a razón de ser tanto deste Museo como de calquera outra entidade ou colectivo



Concha Losada.- O APOI é o arquivo dixital de fondos de cultura oral, musical e audiovisual do Museo. Dixitalizar permítenos salvagardar os fondos que diversos compiladores e coleccionistas nos foron achegando en casetes e outros soportes que corren perigo de degradación. Tamén permite que os nosos fondos sexan escoitados, estudados e empregados no museo polas persoas que o desexen, pero, sobre todo, deunos pé para crear un repositorio na rede, un arquivo dixital na internet no que a nosa música e outros tipos de material audiovisual poden verse e escoitarse desde calquera sitio do mundo.

con vontade de que o pobo galego sobrevivira como tal.

Chama a atención o rango de actividades diversas que desenvolve o museo. Cales salientarías? Por que se toca a economía, a demografía, as artes máis diversas....?

María Xosé Fernández Cerviño.- Preténdese que o programa de actividades e o proxecto expositivo formen un conxunto integral; de aí ese rango diverso de temas, porque todos están imbricados nas manifestacións da cultura tradicional. As artes e artesanías teñen unha dimensión económica esencial; a demografía e a cuestión de xénero son de importancia transcendental para a transmisión da identidade e da tradición.

Non é posible salientar unhas propostas sobre outras pero, a modo de exemplo, actividades públicas como os cafés da memoria inciden precisamente nese interese por tecer vínculos entre as persoas portadoras das tradicións e as novas xeracións. E noutra liña de traballo máis especializado, as coleccións de fondos, bibliotecas e arquivos constitúen un recurso fundamental para a investigación e o coñecemento.

Neste aniversario agasallastes a todos os socios cun CD que é mostra do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI). Este arquivo parécenos algo fantástico, no sentido máis literal da palabra. Como o describiriades? Que utilidades ten? Está totalmente accesible?

As pezas que nel están (unha pequena parte do total do arquivo) aparecen acompañadas de textos, partituras, datos de quen foi a persoa informante/intérprete, quen recolleu a peza e onde, e outras moitas cousas útiles para contextualizar o que se ve ou escoita como corresponde a un tesouro patrimonial que temos. Ter acceso a material orixinal oral e

Os cafés da memoria tecen vínculos entre as persoas portadoras das tradicións e as novas xeracións





musical, escoitar como se cantaba, dispoñer dos textos e partituras pode ter interese para músicos, para mestres, para persoas que están lonxe da súa terra e para calquera que queira aproximarse á cultura galega por moitos motivos.

O acceso na rede (<http://apoi.museo-dopobo.gal/>) é libre para quen o empregue sen ánimo de lucro, só ten que citar a fonte de procedencia. Se pretende algún beneficio económico co seu uso debe pedir licenza ao museo.

Como se financia o Museo?

Lino Lema.- Os recursos económicos do museo proveñen das cotas periódicas que entregan os seus membros; os produtos dos bens e dereitos da asociación; as subvencións, legados e doazóns que poida recibir e os ingresos que se obteñen mediante as actividades que realiza.

Na actualidade o orzamento do museo nítrese de todas as fontes enumeradas. Os ingresos propios proveñen esencialmente das cotas dos seus membros (patróns e patroas e socios e socias nos seus diversos tipos) e da venda das entradas, ingresos que se completan coas subvencións das distintas administracións públicas. No

orzamento ordinario os primeiros supoñen arredor do 42 % do total fronte ao 58 % das subvencións ao funcionamento, maioritariamente da Xunta de Galicia.

Hai que destacar que as achegas por cotas de socios e socias acada o 14 % dos ingresos totais e afortunadamente segue crescendo de ano en ano.

Cantos máis visitantes, máis capacidade ten o museo para acadar novas metas

Tamén é de salientar o programa de patrocinio e protectorado de empresas, que hoxe conta con 20 entidades colaboradoras.

O museo acode tamén a convocatorias de axudas realizadas polas distintas administracións para actividades concretas, que se incorporan como ingresos extraordinarios.

No ano 2017 o orzamento ordinario aprobado acadou o importe de 539.414.000 €.

Como se pode colaborar co Museo?

Lino Lema Bouzas.- A primeira forma de colaborar é realizando unha

visita. O museo ten como obxectivo conservar e divulgar todo o que ten que ver coa cultura de Galicia e a visita ou a participación nas súas actividades non só permite cumprir o seus fins senón que o reforza institucionalmente. Cantos máis visitantes, máis capacidade ten o museo para acadar novas metas. Coñecelo, dalo a coñecer e recomendalo é tamén unha forma de colaboración importante.

Unha vía de colaboración máis intensa é o facerse socia ou socio do museo. A participación na vida do museo, directamente a través da asemblea de socios e indirectamente coa elección dos dez representantes na Asemblea do Padroado e dos dous no Consello de Goberno da institución, permite unha achega maior ao día a día. Como membro da institución tense acceso libre ao museo e preferencia naquelas actividades con número limitado de asistentes, así como recibir cumprida información das súas actividades. A cota anual mínima dos socios é de 30,00 € que poden pagarse dunha soa vez ou en dous pagos se-

mestrais. Tamén pode elixirse unha cota trimestral ou mensual, aínda que neste caso os mínimos son de 10 e 5 euros por período.

Pero aínda hai unha forma máis de colaborar co museo a través do seu programa de voluntariado. Para este caso a persoa interesada debe inscribirse no mesmo e será concertado con el o tipo e periodicidade da súa colaboración, cando o museo teña necesidades que poidan cubrirse por este tipo de programas. Dita colaboración está condicionada pola capacidade do propio museo para asumir esta xestión.

O noso taboleiro A escravitude ten nome de mulleres

Marisa Vidal (Asociación Encrucillada)



O pasado 21 de outubro celebrouse o XXXII Foro de Encrucillada, no auditorio de Abanca, en Santiago de Compostela, baixo o lema “Corpos escravizados”. Velaquí a crónica dese día.

Mesa Redonda

As persoas non son cousas. Desde o ano 1999 celébrase o 23 de setembro o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas. O 23 de setembro de 1913 promulgouse en Arxentina a primeira lei contra a prostitución infantil. Van máis de 100 anos e seguimos vivindo nunha sociedade na que as escravitudes forman parte do cotián. A prostitución anúnciase na prensa, nas despedidas de solteiro/a forma parte do ritual chamar a un *boy* ou visitar un club de alterne, as empregadas do fogar resisten xornadas laborais que raian coa escravitude e case parece que sexa o mesmo adoptar que subrogar un embarazo. Todo se cubre cunha pátna de inocencia, mesmo de caridade: “Só é diversión” e “Que sorte ten de ter traballo” e “As adopcións tardan moito”, dicimos.

Hai un matiz que case a ninguén lle escapa: a feminización das escravitudes. Dixérono ben claro as nosas relatoras, todas mulleres, que falaban para un público maioritariamente feminino. É inocente o matiz? A trata é un problema só para as mulleres, do que falan e entenden as mulleres, que terán que resolver as mulleres?

Carmen Meneses Falcón, profesora na Universidade Pontificia de Comillas, con concienciados traballos de

campo na investigación dos mecanismos que moven a prostitución no noso país, estarreceunos coas cifras.

Elena Arce Jiménez, consultora para temas laborais na oficina da Defensora do Pobo de Madrid, non foi menos contundente. As escravitudes están aquí, na nosa porta.

Hai un matiz que case a ninguén lle escapa: a feminización das escravitudes

No descanso da mañá a tenda de comercio xusto Panxea serviunos doces, infusións e café. Reivindicando a xustiza no comercio global, formamos curros de opinión, coloquios informais, amizades...

A mesa redonda da tarde achegounos á realidade galega, non menos dura que a estatal. Lourdes Pazo traballa no programa Vagalume. Falounos do normalizada que está a prostitución na nosa terra, do pouco que esta cuestión preocupa os nosos políticos... e deu cifras arrepiantes de mulleres prostituídas en Galicia. Mercedes Andrade e Teresa Rodríguez, da Asocia-



In memoriam

XOSÉ MANUEL CARBALLO



Raíces na terra

Cristina Pérez, xornalista

As pezas xurdidas da madeira do Carballo ou da forxa do Ferreiro levan aparelado un sentir de lonxevidade, de permanencia, de atemporalidade. Con estes dous apelidos que Deus (e seus pais) lle deron, como non vai manterse no tempo o legado dese humilde cura de aldea que foi, é e será para sempre Xosé Manuel?

Os amigos dun mestre de mestres que se consideraba un aprendiz non o privaron das homenaxes en vida, o que dá boa conta da súa valía. E os recoñecementos seguen a chegar tralo adeus dun labrego de corazón con profundas raíces na terra, que era quen de crear maxia con ferramentas que manexaba coma ninguén: as mans e a palabra.

Carballo Ferreiro deixa tras de si un baleiro inmenso, que están chamados a encher aqueles que tiveron a sorte de compartir algunha desas ocorrencias tan súas, tan cheas de retranca. Nas palabras e nas mans deses valores de espírito depositou un valioso compromiso, ese que procuraba que todos os don Otto do mundo chegasen a sentirse un pouquiño chairegos.

Os talentos de Carballo

Xulio Xiz, produtor cultural

Con Carballo, o Señor, ao darlle talentos, pensou: A ver se este, frouxo de corpo, pode dar de si máis do que aparenta. E deulle, primeiro, o da palabra; logo o da escrita, o da maxia, e por fin o do humor. E sabendo da súa fe, mandouno ir: érguete e anda.

E Carballo foi labrego, pensador, escritor e radiofonista, e fixo televisión e contou contos, educou, acompañou, e repartiu ilusión a mans cheas. E o Señor viu que todo o facía ben, que todo o subordinaba a ser crego –ad maiorem gloriam Dei- e compaceuse do exemplar humano que tiña ao seu servizo.

E deixou –libre albedrío- que un tractor lle tronzase o camiño para comprobar que, na desgraza, presumía de coxear como ninguén nas terras lucenses. E que o cancro atacara a súa voz, talento principal, e viu que seguía habendo bondade, sacrificio, fe e amor, neste carballo ferreño en permanente misión divina.

E dixo Deus: que veña para acá, que aquí tamén fai falla. Carballo está a render conta dos talentos, e o Señor aínda está a recontar os froitos que Carballo colleitou.



Desde a beira da ausencia

Marica Campo, poeta

Caro amigo, escriboche desde esta beira da ausencia. Ti, xa na outra, alí, onde todo regresa, onde todo é presente e presenza, verás os días daquel 1976 en que nos coñecemos no Colexio Ramón Falcón de Castro de Rei. Verás a rapaza que eu era daquela, falando, primeiro, en castelán e tateando, despois, un galego que había medrar coa túa axuda.

Pouco sabía eu daquela do desamparo dos vellos, mais conversando contigo, imaxineinos a falar cunha caracocha, unha árbore oca, cargada de anos, imaxe dos seus interlocutores, baleiros de ilusións e cangados de tempo. A partir de aí puxecheste a escribir *Dous vellos e unha soa soidade*, unha peza teatral que sometías á miña opinión a medida que adquiría corpo. Cando a remataches, nun exceso de xenerosidade, asináchela co teu nome e o meu. Despois percorremos media Galiza co grupo de teatro do colexio que dirixías.

Foi o comezo dunha fonda e limpa amizade da que sempre recibín moito máis que acheguei. Grazas, sempre fiel amigo.



Palabras para Xosé Manuel

O Mago Antón

No ano 1973, hai agora 44 anos, vin actuar por primeira vez no desaparecido Gran Teatro de Lugo a Xosé Manuel Carballo. Ese día de primavera soñei con facerme mago.

Onte recibín a noticia de que o home que transformou a miña vida un día de primavera, pasou á outra banda do río, como diría o poeta.

Non sei que dicir pero teño que dicilo:

Hoxe non se foi un amigo. Foise o AMIGO, e foise para sempre. Foise o meu mestre, o home que me ensinou a facer e a falar a maxia en galego.

Miles de pombas están tristes pero grazas á túa maxia elas poderán voar ata o infinito.

Unha fonda aberta, Xosé Manuel, e dálle recordos da miña parte a D. Alvaro Cunqueiro.

Ilusionante amigo

Mero Iglesias Dobbarrio, cantautor

Emprendedor de vontades para levar á practica o amor, para conciliar mans de axuda e crear comunidade.

Actor de actuar e activar a consciencia, de traballar, de mediar alivio nos demais.

Compañeiro de andaina, na procura de soños agardados para cada amencer.

Ilusionador que abría horizontes para celebrar a vida, facéndonos crer que o imposible é posible sempre.

Predicador e sementador de esperanzas nun porvir de sorrisos satisfeitos.

Comediante e creador, inventor de seres fabricados no desexo feliz de abrimos os ollos á ledicia, na verdade fabulada.

Acusador que se inculpaba dos erros e silencios que ninguén ousaba desentrañar.

Confesor dos que miraban a morte de fronte, desde a suor fría do medo.

Amigo dos de verdade. Cómplice, confidente, tolo venerado da Santa Mariña, a quen xuntos fixemos canción para gabanza do amor á Lingua, á Terra, ao Pobo.

E era cura! Quedará prendido entre as foulas que envolven as silveiras, ...alá no soño matricial ao que sempre soñamos e ao que nunca renunciamos.



O noso taboleiro A escravitude ten nome de mulleres

Marisa Vidal (Asociación Encrucillada)

ción de Empregadas do Fogar Xiara, contáronnos das dificultades legais derivadas da falla de asunción social dos traballos dos coidados, do lento que avanza unha lexislación que non acaba de recoñecelas como traballadoras de pleno dereito. Olaia Rodil, parlamentaria do BNG, falounos dos ventres de alugueiro, unha práctica que converte as mulleres en incubadoras humanas, presente xa en países como o veciño Portugal e á que cada vez recorren máis familias galegas para ter descendencia.

A maternidade ou as relacións sexuais non son un dereito. O traballo

do coidado ten que ser recoñecido e asumido como tal na nosa sociedade. A lei ten que defender os dereitos e liberdades das persoas empregadas, alugadas ou prostituídas, antes ca defender o capricho de quen merca “servizos”, de quen converte os corpos en mercadoría.

Rematamos o foro cunha palabra de alento, co conforto poético dos versos de Marilar Aleixandre, académica da lingua. Marilar foi o bálsamo que nos fixo reconciliarnos co mundo, coa vida, e nos animou á loita contra toda opresión e escravitude.

...E agora chega o tempo da reflexión. En Encrucillada preocupámanos que a asistencia cada ano sexa máis escasa. Seguimos apostando por facer visibles as causas inxustas nas que, como cristiáns, temos algo que dicir e facer, apostando polo diálogo e estendéndoo a quen o queira recibir. Por iso, este foro gravámolo en vídeo e subiremos os relatorios á nosa web para achegalos a quen os queira gozar.

Pronto estarán dispoñibles en www.encrucillada.gal

Quedamos no foro do ano que vén?

XVI PREMIO RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ "FACER PAÍS"

A C Xermolos
 Coordinador: Alfonso Blanco Torrado

11 de novembro 2017
Láncara
 (Antiga Casa Consistorial)

Mantedor do acto:
 Tonina Gay
(xornalista)

Falarán:
 Rubén Aramburu
 Marica Campo
 Mero Iglesias
 Xulio Xiz
 Margarita Ledo Andion

Colaboran:
 Deputación de Lugo "Área Cultura"
 Concello de Láncara
 Caixa Rural Galega
 Asoc. C. Comarca de Sarria
 Asoc. C. "Arume" (O Corgo)
 Colexio Ramón Piñeiro

Organiza:

 Asociación Cultural Val de Láncara









**Xosé Manuel Carballo,
da mellor cerna do país**



**Deputación
DA CORUÑA**

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org
 Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

Boa Nova



DOMINGO 19 de novembro. XXXIII do Tempo Ordinario

A PALABRA Mt 25, 14-30

Naquel tempo, dixo Xesús aos discípulos esta parábola: «un home que, tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e deulles o coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un, a cadaquén segundo a súa capacidade; despois marchou. De seguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco. Do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. Mais o que recibira un foi cavar un burato na terra e escondeu os cartos do seu amo. Ao cabo de moito tempo chegou o señor daqueles criados, pedíndolles contas. Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: “Señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei”. Díxolle o señor: “Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu señor”. Chegou o que recibira dous talentos e dixo: “Señor, dous talentos me entregaches, velaquí outros dous que gañei”. E díxolle o señor: “Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do talento e dádello ao que ten dez. Porque ao que ten, háselle dar e abondo; mais ao que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. E ao criado inútil botádeo fóra á escuridade, onde será o pranto e mais o renxer dos dentes.»

O ECO

Cando nace un gato só se espera que saiba miañar, que ande a catro patas, que mova o rabo...que se porte coma un gato, en definitiva. Cando nace un bebé esperamos que medre, que estude, que traballe, que forme unha familia, que... cando o máis importante é chegar a ser unha persoa, nin máis nin menos. E como persoas temos potencialidades e talentos a desenvolver. Non sabemos se o bebé chegará a ser artista, músico, inventor, santo ou simplemente o noso veciño. Non o sabemos. O importante non é o que chegue a ser, senón que sexa o que poida. Tampouco é cousa de ser o mellor en todo o que se fai, que ninguén o é, senón ser feliz e repartir un pouco de felicidade ao noso redor.

Xa sei que a maioría de nós non pasaremos á historia polos nosos méritos, nin falta que fai, pero gustaríame pensar que todo vai un pouco mellor porque estamos aí e achegamos o noso gran de area. Entón, cos talentos que cada un teña, que faga o quefaga o que poida, non creo que Deus nos pida nada máis (nin nada menos).

Olga Álvarez

A parábola dos talentos intégrase dentro do coñecido coma discurso escatolóxico ou apolítico, que ocupa os capítulos 24 e 25 do evanxeo de Mateo. Con Xesús en Xerusalén, xusto antes de relatar a Paixón, o evanxelista céntrase nunha serie de parábolas e discursos que nos falan de que temos que estar preparados para o regreso do Señor. Porque Mateo escribe para unha comunidade cristiá, alá polo 80 d.C., que estaba a comprobar que a vinda do Reino de Deus non era tan inminente como pensaran. Mortos os primeiros apóstolos, Mateo, a través destas palabras de Xesús, orienta a quen se preguntaban como se podía intepretar isto do Reino de Deus.

Ponse en cuestión, a xeito de parábola, da que tanto gostaba Xesús, a imaxe que os seus seguidores (e nós mesmos) fan de Deus, do Reino e de quen se presentan coma seguidores de Cristo. Así, a través desta parábola, nos cuestiona se temos a imaxe dun Deus ríxido, serio, vingativo, ou vivimos a experiencia dun Deus “abbá”, naiciña/paiciño. Tamén nos invita a reflexionar sobre que entendemos polo Reino de Deus, e invitarnos a ver que é algo que xa temos aquí, mais que esixe de nós, e non tanto algo polo que agardar á fin dos tempos. E por último fainos pensar, a nós como aos membros da comunidade de Mateo, sobre a nosa imaxe coma cristiáns: que significa seguir a Xesús? Podemos vivir de rendas ou esixe o nosa entrega? De verdade cremos que hai alguén que non teña nada que ofrecer, que este camiño é só para elixidos? Cos talentos, esa medida de peso que co tempo se convertiu nunha moeda, non podemos máis que pensar se a nosa relación con Deus responde a un enfoque mercantilista, de mercado, ou a un enfoque de todo aquilo que se nos deu pola Graza nós debemos ofrecelo pola graza.

José Antonio Martínez

A PALABRA

A CLAVE

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Para días pequenos, esas palabras “pequenas”



A, a primeira letra que o burro dá!

Como os días van minguando, pareceunos oportuno dedicar o número de hoxe a esas palabras “pequenas” pero importantes na lingua, para que non falemos coma Tarzán. Referímonos ás preposicións e ás conxuncións. Non vén ao caso presentarvos aquí listaxes, así que acordamos comezar por comentar aquelas que detectamos que dan máis problemas na escrita.

Comezamos polas preposicións, pola primeira, a “a” e seguramente a máis usada. Acompaña ao artigo co que

cia crecente entre a xente máis nova de dicir xa sempre “ao”; supoñemos que entra na evolución natural das linguas cando van asentando a norma escrita. Mais onde as persoas máis erros na escrita cometen é cando a preposición “a” contrae co artigo feminino “a”: *Vou á casa* porque moito esquecen ese acentiño, que é moi necesario.

“A” tamén acompaña sempre a outra preposición “cara”; isto é “cara a” (non existe “hacia” en galego) e ademais hai que saber que “cara” sempre leva

sempre contrae: *Vou a + o parque = vou ao parque* ou *Vou ó parque*. As normas permiten as dúas grafías, aínda que priman a primeira, que é a que se usa moi maioritariamente na escrita, o que leva a que sexa difícil que a xente continúe pronunciando [ó aberto] cando se escribe “ao”.

Vemos unha tenden-

“a”; aínda que ás veces soe algo cacafónico: “cara a diante”. E facemos unha paréntese, porque falando de “adiante” queremos lembrar que é diferente de “diante”, e que esta non é sinónimo de “perante”. Diremos “Está diante de min” e “Declarou perante o xuíz”.

E desta preposición “a” temos que ter claro que non vai nunca no medio do verbo “ir” e calquera outro verbo en infinitivo. Por exemplo, vou xantar, vas saír, imos saltar... ou o clásico “vou ir”. En castelán sempre leva a preposición no medio, pero en galego non, sen excepción.

Xa pechamos coa conxunción que adoita dar máis que facer: “*Sen embargo” porque non é correcta en galego, aínda que a oiamos moito. No seu sitio empregaremos “Con todo, porén, no entanto...” Saíu tarde, con todo ha chegar a tempo?” “No entanto” emprégase máis para unir secuencias máis grandes e usámolo moito despois de punto. Por exemplo, *estamos falando destas palabras miúdas neste número, porén no número seguinte imos falar de...*

Disfrutade do outono!

O Fachineiro dos medios

A cámara do eco

Os ingleses teñen unha expresión, a cámara do eco, para definiren o feito de que nos gusta ler aquelas opinións ou medios que están de acordo co que pensamos e evitamos os que nos contradín. Ler certos medios resulta desacougante e evitalos é case unha necesidade, un acto de hixiene mental. Coa crise catalá, a mancha do pensamento único e a censura estendeuse de tal xeito que casamente non se pode ler nada sen que sangren os ollos. Un exemplo: o diario *20 minutos*, despediu o seu ilustrador Eneko por viñetas coma a que acompaña este texto. A (des)información nesgada chegou ata tal punto que roza o infantilismo, á parte de tratar os lectores e lectoras coma babecos. Non



vía o emprego do adxectivo separativista ou secesionista desde que consultara hemerotecas sobre a Guerra Civil. En canto alguén expresa unha opinión que pretenda achegarse aos argumentos que hai detrás da cuestión catalá non ten sitio nas cabeceiras -nin nas cabezas- das rotativas patrióticas. O xiro reaccionario de televisións, radios e prensa deixa poucas físgoas para outros modos de ver o mundo.

E case todas hai que buscalas na internet, con cadros de persoal magros e sen dependencia de grandes anunciantes. O fachineiro, que le catalán na intimidade, recomenda o diario *ara.cat* para saber que se coce por alí sen o rudo encono da prensa estatal.

A.Q.